

## Manual de bioseguridade da Facultade de Veterinaria da USC

RESUMO DE REVISIÓNS – Manual de bioseguridade		
Número	Data	Modificacións
M00	20-01-2017	Edición inicial da Comisión de Bioseguridade e Prevención de Riscos. Aprobada na Xunta de Facultade do 20-12-2017.
M01	22-03-2018	
M02	11-10-2023	Edición revisada pola Comisión de Bioseguridade e Prevención de Riscos. Aprobada na Xunta de Facultade do 26-10-2023.

## Índice

<b>1. Obxecto e alcance do Manual de bioseguridade .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Identificación dos riscos biolóxicos .....</b>	<b>4</b>
<b>3. Identificación dos riscos físicos .....</b>	<b>5</b>
<b>4. Identificación dos riscos químicos.....</b>	<b>5</b>
<b>5. Normativa para as instalacións .....</b>	<b>6</b>
<b>6. Normativa para os usuarios.....</b>	<b>7</b>
6.1. Identificación.....	7
6.2. Vestiario .....	8
6.2.1. Equipos de Protección Individual (EPIs) xenéricos e específicos .....	8
6.2.2. Roupa de traballo .....	12
6.3. Equipamento e instalacións .....	13
6.4. Normas xerais de comportamento .....	13
6.5. Recepción de mostras/cadáveres .....	13
<b>7. Protocolos específicos de bioseguridade para actividades e instalacións onde se realicen prácticas .....</b>	<b>14</b>
<b>8. Xestión de residuos e material SANDACH .....</b>	<b>15</b>
<b>9. Procedemento no caso de accidentes nunha actividade académica.....</b>	<b>15</b>
9.1. Actuación xeral no caso de accidente .....	15
9.2. Actuación no caso de accidente sufrido polo alumnado .....	16
9.3. Actuación no caso de accidente sufrido polo persoal da USC .....	16
9.4. Outros protocolos da USC nos casos de emerxencia.....	16
<b>10. Referencias bibliográficas .....</b>	<b>16</b>
<b>ANEXO I. Protocolo específico de bioseguridade.....</b>	<b>19</b>
<b>ANEXO II. Control de asistencia e de coñecemento de normas de bioseguridade .....</b>	<b>23</b>

## 1. Obxecto e alcance do Manual de bioseguridade

A Facultade de Veterinaria é consciente dos riscos biolóxicos, físicos e químicos relacionados coas actividades dos estudantes. Aínda que a USC por medio do Servizo de Prevención de Riscos promove a saúde e a seguridade dos traballadores da USC e para iso diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva e avalía os factores de risco que poidan afectar a seguridade e saúde do PAS e PDI, é conveniente desenvolver este *Manual de bioseguridade* coa finalidade de identificar os perigos, así como avaliar, comunicar e xestionar os riscos para os estudantes para eliminalos ou reducilos ata niveis aceptables. O obxecto deste *Manual* é, polo tanto, establecer aquelas medidas preventivas de bioseguridade e bioprotección que permitan alcanzar estes fins.

O alcance deste *Manual* abarca a todas as actividades docentes nas instalacións da Facultade de Veterinaria, así como as actividades académicas do Grao de Veterinaria que se levan a cabo en instalacións que non sexan titularidade da Universidade (explotacións gandeiras, matadoiros, fábricas, etc.).

Para iso, elaborase este *Manual*, que pretende servir de norma que recompile toda a evidencia científica e normativa sobre bioseguridade e de bioprotección específica para as actividades realizadas na ensinanza veterinaria. Neste *Manual* desenvólvense as guías de boas prácticas que son transversais a todas as instalacións e base para o desenvolvemento de protocolos de bioseguridade para cada unha das instalacións e actividades, que recollerán as peculiaridades relativas aos perigos e riscos inherentes a estas.

Este *Manual* ten carácter de regulamento propio da Facultade de Veterinaria, por iso, todos os usuarios das instalacións afectadas (estudantes, PDI, PAS, persoal externo e usuarios dos servizos) están obrigados a seguir as instrucións que emanan del e o protocolo específico establecido para cada instalación ou actividade.

Este *Manual de bioseguridade* complementa no referente ás actividades docentes, pero non substitúe as condicións de seguridade e saúde dos postos de traballo do persoal da Facultade de Veterinaria, a aplicación do establecido ao efecto na *Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais*, o *Real decreto 39/1997 do Regulamento dos servizos de prevención*, e demais normativa de desenvolvemento. Para cumprimento desta normativa, a USC realiza unha avaliación de riscos laborais do centro, que se actualiza periodicamente de acordo co disposto nestas normas e nos procedementos internos da USC e con un plan de autoprotección suxeito a revisións periódicas e a un mantemento anual.

Para calquera dúbida, ademais, a USC dispón dun Servizo de Prevención de Riscos propio, que promove a saúde e seguridade dos traballadores da USC mediante unha xestión de riscos preventiva que pode consultarse no dito servizo (<https://www.usc.es/es/servizos/sprl/>).

## 2. Identificación dos riscos biolóxicos

Coa finalidade de identificar claramente os riscos biolóxicos segundo a clasificación dos axentes biolóxicos definidos no artigo 3 do *Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante el trabajo*:

### **Artigo 3. Clasificación dos axentes biolóxicos**

*A efectos do disposto neste Real decreto, os axentes biolóxicos clasifícanse, en función do risco de infección, en catro grupos (anexo II do Real decreto 664/1997)*

- **Axente biolóxico do grupo 1:** *aquel que resulta pouco probable que cause unha enfermidade no home.*
- **Axente biolóxico do grupo 2:** *aquel que pode causar unha enfermidade no home e pode supoñer un perigo para os traballadores, sendo pouco probable que se propague á colectividade e existindo xeralmente profilaxe ou tratamento eficaz.*
- **Axente biolóxico do grupo 3:** *aquel que pode causar unha enfermidade grave no home e presenta un serio perigo para os traballadores, con risco de que se propague á colectividade e existindo xeralmente unha profilaxe ou tratamento eficaz.*
- **Axente biolóxico do grupo 4:** *aquel que, causando unha enfermidade grave no home, supón un serio perigo para os traballadores, con moitas probabilidades de que se propague á colectividade e sen que exista, xeralmente, unha profilaxe ou un tratamento eficaz.*



Os axentes biolóxicos que non son clasificados nos grupos 2 a 4 desta lista non están implicitamente clasificados no grupo 1. No caso dos xéneros que comprenden numerosas especies de coñecida patoxenicidade para o ser humano, a lista recolle as especies que se ven máis frecuentemente involucradas en enfermidades, e unha referencia de orde máis xeral indica que outras especies pertencentes ao mesmo xénero poidan afectar á saúde.

Cando na clasificación de axentes biolóxicos se menciona un xénero enteiro, entenderase que as especies e cepas cualificadas de non patóxenas para os traballadores quedan excluídas da clasificación.

Cando unha cepa estea atenuada o haxa perdido xenes de virulencia ben coñecidos, non será necesariamente aplicable a contención requirida pola clasificación da súa cepa madre, a condición de que se efectúe unha avaliación adecuada do risco potencial que presenta no lugar de traballo.

Os imperativos en materia de contención que se derivan da clasificación dos parasitos aplicaranse unicamente ás distintas etapas do ciclo de vida do parasito que poidan ser infecciosas para as persoas no lugar de traballo.

Nas prácticas hai que considerar a posibilidade de que unha porcentaxe da poboación presenta alerxias relacionadas con algunhas especies animais.

	<b>MANUAL DE BIOSEGURIDADE</b>	
	FACULTADE DE VETERINARIA	

### 3. Identificación dos riscos físicos

Os posibles riscos físicos inherentes ás actividades docentes en veterinaria e nas actividades de investigación son:

- Accidentes relacionados coas instalacións, como risco de cortes, golpes, puncións, tropezos, caída de cargas suspendidas, risco eléctrico, baixa temperatura, incendio, sons, etc. Riscos de caídas nas salas e cámaras de refrixeración ou conxelación.
- Cortes, rabuñaduras, picadas, queimaduras ou contactos dérmicos ocasionados polo manexo de instrumental: bisturís, coitelos, agullas, vidros, tesoiras, serras de cinta de corte, chisqueiros, etc.
- Accidentes de tráfico, nos mesmos supostos que cubre o seguro escolar.
- Accidentes causados por seres vivos. O comportamento dos animais é en ocasións imprevisible. O seu manexo pode facer que respondan de maneira inadecuada e provocar accidentes. Por exemplo: coces, patadas, cornadas, mordeduras, picaduras, rabuñaduras, golpes, etc.
- Exposición a temperaturas extremas.
- Exposición a radiacións. Os equipos de diagnóstico por imaxe (raios X e tomógrafo) emiten radiación polo que, para o seu uso, débense seguir as normas e mecanismos de control establecidos polo Servizo de Protección Radiolóxica da USC.

Para aplicar as medidas preventivas adecuadas terase en consideración os informes de avaliación de riscos da Facultade de Veterinaria da USC e a planificación preventiva que dela se derive. Polo que respecta ás tarefas desenvolvidas nos laboratorios, tamén se seguirán as recomendacións do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) recollidas na *Guía técnica de boas prácticas en prevención de riscos laborais. Manual de seguridade no laboratorio* (ISSGA, 2017), dispoñible na páxina web da facultade no apartado Plan de autoprotección e prevención de riscos.

### 4. Identificación dos riscos químicos

O uso de produtos químicos, farmacolóxicos e tóxicos é frecuente en moitos dos laboratorios e instalacións.

Especial mención requiren os anestésicos, fármacos quimioterápicos, ácidos fortes e bases, así coma produtos de limpeza e desinfección das instalacións.

Todos os produtos químicos empregados poden constituír un risco químico para os usuarios e deben lerse e respectarse as instrucións de uso destes.

Todos os laboratorios nos que se empreguen produtos químicos deben dispoñer de lavaollos e acceso a ducha de seguridade.

Todas as instalacións nas que se desprendan gases deben dispoñer de medidas de protección, por exemplo, cámara de fluxo laminar, vitrinas de extracción de gases, filtros de protección, etc.

Seguirase a clasificación de riscos químicos e as instrucións segundo o establecido no etiquetado para o almacenamento ou envasado, así como o establecido nos regulamentos de produtos químicos.

Nas prácticas hai que considerar a posibilidade de que unha porcentaxe da poboación presenta alerxias a algúns materiais e produtos químicos e outros.

Para aplicar as medidas preventivas adecuadas teranse en consideración os informes de avaliación de riscos da Facultade de Veterinaria da USC e a planificación preventiva que dela se derive. Polo que respecta ás tarefas desenvolvidas nos laboratorios, tamén se seguirán as recomendacións do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) recollidas na *Guía técnica de boas prácticas en prevención de riscos laborais. Manual de seguridade no laboratorio* (ISSGA, 2017), dispoñible na páxina web da facultade no apartado Plan de autoprotección e prevención de riscos.

## 5. Normativa para as instalacións

As salas e instalacións onde se manteñan animais deberán cumprir, segundo o nivel de contención, as condicións establecidas no *Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo*.

### No caso de nivel de contención 1:

- Pía para lavado de mans.

### No caso de nivel de contención 2:

O material infectado, animais incluídos, deberá manexarse nunha cabina de seguridade biolóxica ou nun illador ou outra contención apropiada	Cando proceda
Superficies impermeables á auga e de fácil limpeza	Si, para o banco de probas ou mesa de traballo e o chan
Superficies resistentes a ácidos, álcalis, disolventes, desinfectantes	Aconsellable
Control eficaz dos vectores (por exemplo, roedores e insectos)	Aconsellable
Procedementos de desinfección específicos	Si
Almacenamento de seguridade para axentes biolóxicos	Si

Proceso de inactivación validado para a eliminación segura das canles de animais	Aconsellable
Instalarase un portelo de observación, ou un dispositivo alternativo, que permita ver aos seus ocupantes	Aconsellable

Os laboratorios que manipulen materiais con presenza de axentes biolóxicos de nivel 2 ou con respecto aos cales exista incerteza acerca da presenza de axentes biolóxicos que poidan causar unha enfermidade no home, pero que non teñan como obxectivo traballar con eles como tales, cultivándoos ou concentrándoos, deberían adoptar, polo menos, o nivel 2 de contención. Unicamente utilizaranse en actividades docentes axentes biolóxicos do grupo 1 e 2. Cando a natureza da actividade o permita, evitárase a utilización de axentes biolóxicos do grupo 2 se é posible a súa substitución por outros axentes do grupo 1.

A Sala de Necropsias debe manter, polo menos, o nivel 2 de contención.

No caso das granxas onde se realizan prácticas, soamente se efectuarán en explotacións que cumpran polo menos as seguintes condicións:

- No caso de ruminantes serán oficialmente indemnes de brucelose.
- No caso de vacúns serán oficialmente indemnes de tuberculose.
- Non estará baixo restricións de movemento de persoas por sospeita ou confirmación de enfermidade de declaración obrigatoria ou de alto risco para a saúde animal, humana ou medioambiental ou outras causas establecidas pola autoridade veterinaria competente.

Ademais das medidas xerais de bioseguridade, seguiranse todas aquelas que estableza a explotación e a lexislación de ordenación de explotacións correspondente.

## 6. Normativa para os usuarios

### 6.1. Identificación

Nas instalacións de acceso restrinxido:

- Sala de Necropsias: só se permite o acceso coa identificación persoal se é unha tarxeta ou similar, debendo deixala na bandexa xunto cos demais obxectos persoais, xa que o sistema de suxeición e demais elementos que porta a tarxeta poden actuar como focos de infección e transmisión de axentes infecciosos.
- Granxas e laboratorios de prácticas: realizarase mediante o control de asistencia ou outro medio similar.

En cada protocolo defínense se existen normas específicas de acceso e saída en cada instalación, e a necesidade de identificación para o acceso (mediante tarxeta identificativa ou outro sistema) e/ou cerradura.

## 6.2. Vestiario

### 6.2.1. Equipos de Protección Individual (EPIs) xenéricos e específicos

Para evitar contaminacións cruzadas entre as distintas áreas de traballo, e como medida profiláctica na transmisión de enfermidades entre colectivos, é obrigatorio dispoñer dos seguintes EPIs:

<p><b>Laboratorios</b></p> <p>Bata branca de laboratorio con manga larga (recoméndase puño cerrado e sen botóns)</p> <p>Calzado cerrado (non se pode levar sandalias)</p> <p><i>Cando sexa necesario:</i></p> <p>Gafas (recoméndase con filtro UV)</p> <p>Guantes refugables de laboratorio (de látex ou nitrilo e de talla adecuada)</p>		
<p><b>Sala de Disección</b></p> <p>Bata branca de laboratorio con manga larga (recoméndase puño cerrado e sen botóns)</p> <p>Calzado cerrado ou botas de goma</p> <p>Guantes refugables de laboratorio</p> <p><i>Cando sexa necesario:</i></p> <p>Gafas</p> <p>Máscara refugable</p> <p>Máscara con filtro...</p>		



<p><b>Sala de Necropsias</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Buzo</li> <li>*Mandil apropiado</li> <li>*Botas de auga e zocos</li> <li><i>*Encóntranse no vestiario e non poden usarse noutras instalacións</i></li> <li>Guantes de fregar (de talla adecuada)</li> <li>Guantes anticorte (de talla adecuada)</li> <li>Gafas</li> <li>Máscara protectora</li> </ul>		
<p><b>Granxas</b></p> <p>Pixama ou mono de traballo / monos refugables</p> <p>Botas de goma</p> <p><i>No caso de traballar con équidos e vacas é obrigatorio o uso de botas de goma de seguridade</i></p> <p><i>Cando sexa necesario:</i></p> <p>Guantes refugables de laboratorio (exploracións orais, rectais, contacto con sangue ou fluídos biolóxicos, ou manipulación de animais infectados)</p> <p>Mandís impermeables e guantes obstétricos en partos</p> <p>Protección facial (ollos e boca) (se hai risco de salpicaduras con sangue, ouriño, fluídos placentarios...)</p>		

**Hospital Veterinario Universitario**

Pixama: pantalón e casaca de manga corta

Bata branca de laboratorio con manga larga  
(recoméndase puño cerrado e sen botóns)

Calzado cerrado ou ZOCOS (non se pode levar sandalias)

*No caso de traballar con équidos e vacas é obrigatorio o uso de botas de goma de seguridade*

*Cando sexa necesario:*

Guantes refugables

Máscaras

Gorros

Cascos

Gafas

Mandil de protección radiolóxica...



<p><b>Matadoiro</b></p> <p>Bata branca de laboratorio con manga longa (recoméndase puño cerrado e sen botóns)</p> <p>Pantalón</p> <p>Botas de goma de seguridade</p> <p>Guantes anticorte</p> <p>Guantes de fregar (frouxos para cubrir os guantes anticorte)</p>		
<p>Gorro de tela branco</p> <p>Cubrebarbas (se procede)</p> <p><i>Para as persoas de pelo longo, os gorros deberán de ser de redecilla, ao igual que los cubrebarbas</i></p> <p>Casco homologado</p>		
		

En cada instalación ou actividade de prácticas indicárase a necesidade de incorporar equipos de protección individual específicos segundo os riscos propios de cada actividade e se detallarán en cada protocolo específico de bioseguridade da actividade ou instalación de prácticas.

De considerarse necesario, cando así o requiran determinadas tarefas específicas, requiriráselle ao Servizo de Prevención de Riscos da USC a valoración sobre a necesidade de posibles equipos de protección individual adicionais.

## 6.2.2. Roupa de traballo

### En xeral:

- A roupa de traballo soamente pódese utilizar nas zonas de realización de prácticas, salvo o percorrido que sexa necesario para desprazarse ata os vestiarios. En cada práctica ou grupo de prácticas estableceranse as normas para o cambio de roupa dos alumnos.
- Ao saír da zona de traballo, quitaranse a roupa de traballo e os equipos de protección persoal que poidan estar contaminados por axentes biolóxicos e se gardarán de forma que non teñan contacto con outras prendas ata a súa hixienización ou eliminación. No caso de visitas a granxas, matadoiros ou similares, se é posible, as botas limpanse e hixienizaranse nas propias instalacións antes da entrada e saída; no caso de non ser posible, as botas usadas introduciranse en bolsas ata a chegada á facultade onde se realizará a súa hixienización (e as bolsas serán eliminadas adecuadamente). Está prohibido subir ao autobús ou medio de transporte coas botas ou calzado de traballo.
- Segundo a actividade, estableceranse nos protocolos normas sobre complementos que no sexan necesarios ou que non poidan ser eliminados ou lavados despois de cada práctica.

### Sala de Necropsias:

Non poden saír da Sala de Necropsias os EPIs das actividades que impliquen perigo serio de infección, polo que estas instalacións contan con vestiario específico para todos os seus usuarios, roupa de traballo incluíndo calzado e botas propias da instalación e cunha lavandería para a súa hixienización e limpeza despois de cada uso. Deixaranse todos os artigos persoais (mochilas, carpetas, etc.) nas taquillas.

### Resto de instalacións:

Para as prácticas con animais utilizaranse os vestiarios con taquillas localizados no aulario, cortellos do Hospital Rof Codina e na Granxa Experimental Gayoso Castro. Noutras granxas utilizaranse vestiarios ou zonas indicadas polo propietario da instalación para o cambio de roupa. Nestas taquillas, o vestiario de traballo non poder estar en contacto coa roupa de calle. Nas granxas soamente se introducirá o material imprescindible para a realización da práctica, deixando os artigos non necesarios nas taquillas ou nas zonas indicadas das granxas.

O vestiario de uso persoal de prácticas dos estudantes débese lavar na casa cando sexa necesario, coa precaución de que o lavado se realice de forma separada do resto da colada doméstica. A roupa de traballo debe estar sempre limpa e debe cambiarse cada vez que sexa necesario.

En todo caso terase en consideración o establecido no *Real decreto 664/1997, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo*, en canto a que será responsabilidade da

empresa o lavado da roupa de traballo e equipos de protección individual dos traballadores da USC que haxan podido contaminarse por axentes biolóxicos. Para estes efectos a USC dispón dun servizo externo de adquisición e lavado de batas e outro vestiario de laboratorios.

### 6.3. Equipamento e instalacións

En cada instalación dispórase de todo o material necesario para realizar as actividades.

Una vez que se termine de usar calquera equipo ou utensilio, debe deixarse limpo e ordenado no mesmo lugar que se encontraba antes do seu uso.

No caso de encontrar un equipo ou utensilio avariado comunicaráse ao responsable da actividade.

Dispórase de toda a información necesaria sobre os procedementos de limpeza e desinfección en cada zona de traballo, de tal forma que calquera usuario poida realízalas; por exemplo, depósito de instrumental sucio, limpeza da mesa de consulta, poiatas, zona de traballo, etc.

### 6.4. Normas xerais de comportamento

Establécense as seguintes normas xerais nas instalacións:

- Está estritamente prohibido comer ou beber nos laboratorios ou zonas de traballo.
- Está prohibido fumar sen menoscabo da prohibición en calquera outro lugar indicado pola normativa vixente.
- Comunicaráse ao responsable da actividade calquera antecedente ou sintomatoloxía compatible con alerxia (a animais, polvo, plantas, ácaros, medicamentos e outras sustancias, etc.).
- En relación cos animais de compañía cúmplanse as normativas sectoriais e xerais da lexislación vixente, protocolos, manuais de bioseguridade dos laboratorios ou normativa que poida establecer a USC.

### 6.5. Recepción de mostras/cadáveres

No caso de que sexan utilizadas para actividades académicas, a recepción e procesado das mostras/cadáveres só poden ser realizadas polas persoas autorizadas polo responsable da actividade e, no caso de cadáveres, seguindo o procedemento SANDACH da facultade.

A recepción das mostras farase considerando a perigosidade dos axentes biolóxicos, físicos e químicos. Antes de manipular as mostras, débense etiquetar/identificar e tomar as precaucións necesarias segundo os riscos biolóxicos, e seguir os procedementos establecidos nos protocolos específicos. Para iso indicárase cunha etiqueta amarela as mostras ou cadáveres do grupo 2, incluíndo mostras ou

cadáveres infectados por microorganismos de tipo 2 ou que exista incerteza acerca da presenza de axentes biolóxicos que poidan causar unha enfermidade no home, pero que non teñan como obxectivo traballar con eles como tales, cultivándoos ou concentrándoos, deberían adoptar, polo menos, o nivel 2 de contención.

**Non se utilizarán cadáveres ou mostras con sospeita de infección por axentes do grupo 3 e 4. No caso de sospeita de infección por grupos 3, 4 ou de enfermidade con risco grave para a saúde pública, sanidade animal ou ambiental, estableceranse as medidas de contención máis adecuadas e comunicaráse aos servizos veterinarios oficiais da Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia e se seguirán as instrucións que indiquen.**



## 7. Protocolos específicos de bioseguridade para actividades e instalacións onde se realicen prácticas

Os usuarios deben coñecer o *Manual de bioseguridade* da facultade e os protocolos específicos de bioseguridade para as actividades ou instalacións onde se realicen prácticas.

O *Manual de bioseguridade* estará dispoñible na páxina web da facultade en <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/plan-autoproteccion-prevencion-riscos>



Os coordinadores de cada materia ou grupo de materias, en colaboración con todos os profesores involucrados nestas actividades, redactará un protocolo específico e detallado de bioseguridade para cada tipo/grupo de actividade práctica correspondente ás materias incluídas nos títulos impartidos nesta facultade, utilizando o formato adxunto (anexo I).

Débase indicar en que laboratorio/s ou instalación/s é aplicable o establecido en cada protocolo.

Se nunha materia hai prácticas nun laboratorio e extramuros (por exemplo, en explotacións gandeiras ou matadoiros), deberanse redactar os protocolos diferentes, pois se entende que a bioseguridade é diferente.

Se nunha mesma actividade que se realiza en dous ou mais espazos distintos, ou dous ou máis actividades se realizan no mesmo espazo, pero teñen en común o mesmo protocolo, só será necesario redactar un, pero deberase explicitar en que instalacións se aplica.

Incluír exclusivamente aquela información que sexa específica da instalación, evitando o uso repetitivo do establecido no *Manual de bioseguridade* ou normativa xeral. Polo tanto, só hai que redactar aquilo que sexa específico deixando o xeral para o manual. No caso dos EPIs indicárase claramente tanto os xenéricos como os específicos para a actividade

	<b>MANUAL DE BIOSEGURIDADE</b>	
	FACULTADE DE VETERINARIA	

ou instalación de prácticas.

Nos ditos protocolos específicos terase en conta as normas deste manual, as normas xerais de seguridade nos laboratorios de prácticas da USC, o *Manual de seguridade no laboratorio* (ISSGA, 2017), (ambos dispoñibles na ligazón <http://www.usc.es/estaticos/servizos/spri/normalumlab.pdf>) e calquera outra información científica dispoñible.

Os protocolos específicos para tipo/grupo de actividade estarán dispoñibles na Aula Virtual da materia e unha copia en papel, para que poida ser consultada cada unha das actividades prácticas. Os ditos protocolos deberán ser enviados á Secretaría do Decanato onde se levará un rexistro dos ditos documentos. Ademais, ao inicio das prácticas os alumnos firmarán un documento de coñecemento do protocolo específico de bioseguridade da actividade (anexo II ou documento similar).

## 8. Xestión de residuos e material SANDACH

Todos os residuos perigosos procedentes das actividades docentes e investigadoras desenvolvidas no centro clasificaranse, separaranse, depositaranse e almacenaranse ata a súa recollida final seguindo as normas da Unidade de Xestión de Residuos da USC (<https://www.usc.es/gl/servizos/spri/residuos/>).

En relación co material SANDACH seguirase o procedemento dispoñible en <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-veterinaria/SitePages/Goberno-e-Xesti%C3%B3n-Equipo-decanal.aspx>

## 9. Procedemento no caso de accidentes nunha actividade académica



Os estudantes que cursen estudos na USC deberán estar amparados por un seguro, calquera que sexa o tipo de estudos ou a modalidade de matrícula. No caso de que non estean no ámbito de protección do seguro escolar do INSS, deberán subscribir un seguro de accidentes e asistencia en viaxe que cubra os riscos derivados da súa actividade académica.

A información sobre o seguro escolar e o seguro de accidentes está dispoñible na páxina web da facultade, no apartado Grao, subapartado Prácticas, na ligazón [https://www.usc.es/gl/servizos/oiu/seguro\\_escolar.html](https://www.usc.es/gl/servizos/oiu/seguro_escolar.html).

Os alumnos que vaian realizar as prácticas no estranxeiro deben solicitar a tarxeta sanitaria europea (para países da Comunidade Europea) ou subscribir un seguro privado. No Gabinete de Relacións Internacionais poden informarse do seguro privado que subscriben os estudantes de mobilidade.

### 9.1. Actuación xeral no caso de accidente

- Manter a calma.
- Actuar con rapidez, pero sen precipitarse.
- Observar a situación antes de actuar.

	<b>MANUAL DE BIOSEGURIDADE</b>	
	FACULDADE DE VETERINARIA	

- Efectuar una avaliación “in situ” do accidentado.
- Non facer nada que non se saiba facer.
- Evitar que o accidentado se arrefría.
- Tranquilizar ao accidentado se está consciente.
- Non mover ao accidentado ata recibir instrucións segundo o caso.
- Non darlle de comer nin de beber se está inconsciente.
- Soamente se é necesario evacualo, avisar aos servizos de socorro polo medio máis rápido (teléfono de Emerxencias: 112; Urgencias médicas: 061).

## 9.2. Actuación no caso de accidente sufrido polo alumnado

Ademais do visto no apartado de actuación xeral no caso de accidente, seguirase o *Protocolo no caso de accidente* dispoñible na páxina web da facultade (dispoñible 05/06/2023): <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>.

## 9.3. Actuación no caso de accidente sufrido polo persoal da USC

Ademais do visto no apartado de actuación xeral no caso de accidente, débese seguir o *Procedemento de actuación no caso de accidente de traballo* (dispoñible 05/06/2023): <https://www.usc.gal/gl/servizos/sprl/index.html>.

## 9.4. Outros protocolos da USC nos casos de emerxencia

Dispoñibles, a data 05/06/2023, en <https://www.usc.gal/gl/servizos/sprl/index.html> :

- Emerxencias.
- Notificación de accidentes.
- Comunicación de riscos laborais.
- Formulario para adquisición de equipos de protección individual.
- Comunicación de embarazo.
- Solicitud de recollida de residuos perigosos.

## 10. Referencias bibliográficas

Universidade de Santiago de Compostela. Normas xerais de seguridade nos laboratorios de prácticas: <http://www.usc.es/estaticos/servizos/sprl/normalumlab.pdf>.

Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Prevención de Riscos: <https://www.usc.es/gl/servizos/sprl/index.html>.

Unidade de Xestión de Residuos da USC: <http://www.usc.es/gl/servizos/sprl/residuos/>

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia. 2017. Boas prácticas en prevención de riscos laborais. Manual de seguridade no laboratorio. Xunta de Galicia:



[https://issga.xunta.gal/sites/w\\_issga2/files/guialaboratoriogalego2017\\_2\\_enweb.pdf](https://issga.xunta.gal/sites/w_issga2/files/guialaboratoriogalego2017_2_enweb.pdf)

Benedict KM1, Morley PS, Van Metre DC. [Characteristics of biosecurity and infection control programs at veterinary teaching hospitals](#). J Am Vet Med Assoc, 233(5):767-73.

[Biosafety in Microbiological and Biomedical Laboratories \(BMBL\)](#). 2010. U.S. Department of Health and Human Services. Public Health Service Centers for Disease Control and Prevention. National Institutes of Health.

Burgess BA, Morley PS, Hyatt DR. 2004. [Environmental surveillance for Salmonella enterica in a veterinary teaching hospital](#). J Am Vet Med Assoc, 225: 9, 1344-1348.

Canadian Committee on Antibiotic Resistance. 2008. [Infection Prevention and Control: Best Practices For Small Animal Veterinary Clinics](#).

Scheftel et al. 2010. [Compendium of Veterinary Standard Precautions for Zoonotic Disease Prevention in Veterinary Personnel. National Association of State Public Health Veterinarians](#). Veterinary Infection Control Committee. J Am Vet Med Assoc, 237(12).

Dunowska M, Morley PS, Patterson G, Hyatt DR, Van Metre DC. 2006. [Evaluation of the efficacy of a peroxygen disinfectant-filled footmat for reduction of bacterial load on footwear in a large animal hospital setting](#). J Am Vet Med Assoc, 228(12):1935-9.

Guptill L. 2015. Patient Management. Vet Clin Small Anim, 45, 277-298.

Morley PS, Morris SN, Hyatt DR, Van Metre DC. 2005. [Evaluation of the efficacy of disinfectant footbaths as used in veterinary hospitals](#). J Am Vet Med Assoc, 226(12): 2053-2058.

OIE. 2015. Manual Terrestre de la OIE. Capítulo 1.1.4. [Bioseguridad y bioprotección: Norma para la gestión del riesgo biológico en el laboratorio veterinario y en las instalaciones de los animales](#). Versión adoptada pola Asemblea Mundial de delegados da OIE maio 2015.



[Real Decreto 664/1997, de 12 de mayo de 1997, sobre la protección de los trabajadores contra los riesgos relacionados con la exposición a agentes biológicos durante el trabajo](#).

Smith BP, House JK, Magdesian KG, Jang SS, Cabral RL Jr, Madigan JE, Herthel WE. 2004. [Principles of an infectious disease control program for preventing nosocomial gastrointestinal and respiratory tract diseases in large animal veterinary hospitals](#). J Am Vet Med Assoc, 225(8): 1186-1195.

Stull JW, J. Scott Weese JS. 2015. [Infection Control](#). Veterinary Clinics of North America: Small Animal Practice. Volume 45, Issue 2, Pages 217-436 (March 2015).

Stockton KA, Morley PS, Hyatt DR, Burgess BA, Patterson G, Dunowska M, Lee DE. 2006. [Evaluation of the effects of footwear hygiene protocols on nonspecific bacterial contamination of floor surfaces in an equine hospital](#). J Am Vet Med Assoc, 228(7): 1068-1073.

[Infection control and biosecurity standard operation procedures \(SOP\)](#). James I. Voss veterinary teaching hospital (JLV-VTH). 2015. Veterinary Teaching Hospital. Colorado

	<b>MANUAL DE BIOSEGURIDADE</b>	
	FACULDADE DE VETERINARIA	

State University.

[Guidelines for Safe Work Practices in Human and Animal Medical Diagnostic Laboratories. Recommendations of a CDC-convened, Biosafety Blue Ribbon Panel.](#) Morbidity and Mortality Weekly Report. Supplement. U.S. Department of Health and Human Services. Centers for Disease Control and Prevention.

## ANEXO I. Protocolo específico de bioseguridade

O protocolo específico por actividade académica e/ou de investigación deberá conter polo menos a seguinte información:

<b>0. Identificación da actividade</b>
<b>1. Identificación das instalacións aplicables</b>
<b>2. Coordinador de bioseguridade</b>
<b>3. Identificación dos riscos específicos (segundo o Manual de bioseguridade)</b>
<b>3.1. Identificación dos riscos biolóxicos</b>
<b>3.2. Identificación dos riscos físicos</b>
<b>3.3. Identificación dos riscos químicos</b>
<b>4. Clasificación de pacientes/mostras</b>

## 5. Normas dos usuarios

### 5.1. Descrición da restrición de acceso ás instalacións, se as houbera

### 5.2. Normas específicas de vestiario

### 5.3. Equipos de Protección Individual (EPIs)

### 5.4. Normas específicas do equipamento, instrumental e material

### 5.5. Guía das boas prácticas de bioseguridade e comportamento dos usuarios

## 6. Procedemento de recepción de mostras/pacientes

## 7. Xestión de residuos

## 8. Procedemento de información do usuario e compromiso de cumprimento

Estará dispoñible no Campus Virtual da materia no apartado correspondente as prácticas. O alumnado antes de iniciar a práctica firmará un xustificante de coñecer as normas de bioseguridade.

## 9. Procedemento de control das normas de bioseguridade

### 9.1. Responsable deste procedemento

### 9.2. Metodoloxía

### 9.3. Aspectos a controlar

## 10. Procedemento no caso de accidente

## 11. Referencias bibliográficas

--

## ANEXO II. Control de asistencia e de coñecemento de normas de bioseguridade

**Curso:**

**Profesor/es:**

**Identificación da práctica:**

Os alumnos abaixo firmantes declaran que son coñecedores das normas de bioseguridade.

NOME	FIRMA	Nº GRUPO